

Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para estadias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) ano 2017

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23/12/2016 aprobou as Bases reguladoras e convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola de Idiomas de Vigo (EOIV) correspondentes ao ano 2017, (expte. 18421/332) coas seguintes características básicas:

Destinatarios:

Alumnado da Escola de Idiomas de Vigo (EOI) (Sede Central e calquera das súas seccións).

Número de bolsas a conceder / Destinos / Contías:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
68	Londres	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1. 700,00	115. 600,00
10	París	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	2. 000,00	20. 000,00
5	Berlín	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1. 710,00	8. 550,00
4	Roma	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1. 710,00	6. 840,00
2	Lisboa	Avanzado I e II	1. 605,00	3. 210,00
2	Xapón	Intermedio I,II e III e Avanzado I e II	2. 000,00	4.000 ,00
1	China	Intermedio I, II e III	1. 800,00	1. 800,00
92				160.000,00.-€

Solicitudes e prazos:

O prazo para presentar no Rexistro xeral do Concello de Vigo as solicitudes a esta convocatoria conforme ao modelo oficial que se inclúe nas Bases reguladoras, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Dado que o extracto da convocatoria se publicou o luns 16/01/17 no BOP, **o prazo de presentación de solicitudes será dende o martes 17/01/2017 ao luns 30/01/2017, ambos os dous inclusive.**

Información:

As bases poderán consultarse, e descargáranse os formularios de solicitude, nesta mesma páxina, no apartado [convocatoria](#) e na [páxina web da EOI www.eoidevigo.org](#).

Documentación:

- Aprobación XGL 23/12/16 bases e convocatoria bolsas Concello Vigo Alumnado EOIV 2017
- Bases da convocatoria
- Instrucións para solicitar as Bolsas “Concello de Vigo”
- Anexo I: Solicitude Bolsa.
- Anexo II: Declaración Complementaria.
- Anexo III: Aceptación / Denegación Bolsa.
- Anexo IV: Programa EOIV Estancias lingüísticas.